



COÑECE E CAMIÑA



9 de JUNIO de 2024
VAL DE VIMIANZO,
(A Coruña)


Descrición do percorrido.

Nesta saída imos facer un percorrido polo oeste do val de Vimianzo camiñando de norte a sur, aproveitando para coñecer a estrutura da poboación tradicional do val, pasando por algún dos seus núcleos e descubrindo a variedade dos seus recursos e o rico patrimonio etnográfico, histórico artístico, natural e paisaxístico.

O roteiro, de aproximadamente 14 quilómetros, é moi variado e atractivo, mesturando tramos urbanos, de monte e de río. Citamos a continuación algúns dos lugares máis destacados que imos visitar.

- Núcleo Urbano de Vimianzo. Pazo de Trasariz, xoia da arquitectura palaciega galega, fundado na segunda metade do século XVII pola casa de Altamira. O castelo que foi construído entre finais do século XII e principios do XIII polos Mariño de Lobeira e sufriu numerosos cambios ata a actualidade.
- Petroglifos de Campo da Cruz.
- Cruz do Loureiro. Cruz de pedra e miradoiro natural sobre todo o val, a lenda afirma que marcaba o emprazamento onde foron executados os líderes da Revolta Irmandiña.
- Petroglifo de Prado Vello.
- Ermida de San Bartolomeu de Salto. Dominando case todo o municipio, sobre un monte situado a 408 metros sobre o nivel do mar, xunto co Monte Faro é un dos puntos máis elevados da zona, e dende el pódese contemplar todo o val de Vimianzo e municipios limítrofes.
- Trasouteiro. Pazo de Trasouteiro, Capela da Nosa Señora da Concepción, un cruceiro e a fermosa fonte encostada ao pazo que conta na súa parte superior cun escudo heráldico.
- Sansobre. Onde destacan as súas construcións, horreos e curiosas alvarizas.
- Cascada de Cubes.
- Rasamonde. Coa súa antiga fonte lavadoiro e A Casa da Serra, casa fidalga con escudo heráldico.
- Igrexa de San Xoán Bautista de Cambeda. De base románica, se ben a capela maior é neoclásica (fins do século XVIII ou principios do XIX), ó igual que a capela meridional, do último tercio do século XVIII, cun campanario que supera os 12 m. de altura. O cabazo da reitoral é un dos máis grandes de Galicia 22,34 metros de lonxitude e 16 pares de pes.
- Río Cambeda. sorprendente polas súas fermosas fervezas, entre as que destaca a do Pozo Negro. As ruínas dos múltiples muíños que xa aparecían no Catastro da Ensenada aló polo 1.752 e unha das primeiras centrais eléctricas de Vimianzo, que data dos anos 50.

Comenzamos en Vimianzo onde hai tres panaderías e numerosos bares e rematamos na chaira do restaurante asador Pareisales.



CÓDIGO DE LA ACTIVIDAD: **71200438**

PROXIMAS ACTIVIDADES

17-21 Junio: *Beira ALTA y Pobos históricos (Ptgal).*

28-30 Junio: *Picos de Europa.*

10 Julio: *Esteiro do Miño (Veteranos Activos).*

Teléfono: 981 213115
Correo:
artabros@artabros.org

